EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN

I: Preguntas do tema

1. **Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e características definitorias da súa escrita*.***

2. Os movementos de vangarda. Características, autores e obras.

3. A xeración Nós. Características, autores e obras.

SOLUCIÓN:

1. A produción literaria de A. Noriega V. e R. Cabanillas sitúase no período de entre os séculos XIX e XX e é unha produción case exclusivamente lírica. Esta produción poética caracterízase pola forte influencia dos tres principais poetas do Rexurdimento seguindo unha estética situada entre o Romanticismo, xa pasado de moda, e o Realismo costumista. Poderíase falar de dúas escolas poéticas: a tradicionalista e a renovadora.

Seguiron a escola tradicionalista aqueles autores que rexeitaban as influencias de literaturas alleas, como é o caso de Xosé Crecente Vega (1896-1948), Gonzalo López Abente (1879-1963), e sobre todos está Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Viveiro, 1947). A obra de Noriega está recollida nun único volume, chamado a partir da 3ª edición Do ermo (1926, Montañesas). Esta obra inclúe dous tipos de poemas: uns costumistas, que seguen a liña realista de finais do S. XIX, e outros cheos de lirismo da natureza que nos lembran a San Francisco de Asís. Nesta poesía da natureza nótase a influencia de poetas portugueses como Antero de Quental, Guerra Junqueiro e Teixeira de Pascoaes, entre outros.

A escola renovadora séguena autores que, sen rexeitar a poesía do Rexurdimento, non renuncian a actualizar os temas e formas , adoptando modelos chegados de fóra. O seu máximo representante foi Ramón Cabanillas Enríquez (Cambados, 1876-1959). A obra de Cabanillas ocupa dous grandes períodos: antes da guerra (1913-1927), e despois da guerra (1949-1959). Ademais, Cabanillas cultivou diversos xéneros: lírica, narrativa, teatro.

En canto á súa poesía lírica publicou antes da guerra No desterro (1913), Vento mareiro (1915) e Da terra asoballada (1917), libros nos que nos atopamos con tres grandes liñas temáticas: intimista, cívica e costumista. Despois da guerra volveu Cabanillas publicar poesía lírica: Da miña zanfona (1954), Samos (1958) e Versos de alleas terras e tempos idos (1955).

A produción de poesía narrativa inclúe O bendito San Amaro (1925), Na noite estrelecida (1926), e Camiños no tempo (1949), que é unha recompilación da súa poesía narrativa.

A poesía de Cabanillas caracterízase polo intento de conciliar diversas influencias. El busca o mellor para a súa poesía, veña de onde veña.

Ademais Cabanillas cultivou o teatro en A man da Santiña (1921) e a prosa.

2. Denominamos vangardas a un conxunto de movementos que, durante o primeiro

terzo do século XX, rexeitaron a concepción clásica da arte como imitación da realidade e buscaron novas formas de expresión artística baseadas na interpretación, descomposición ou recreación desa mesma realidade.

Estes movementos caracterizáronse polo espírito rebelde e a defensa da liberdade creadora. As vangardas actuaron sobre as diversas parcelas artísticas.

Entre os máis importantes movementos vangardistas encóntranse: o futurismo (canta ao progreso técnico), o cubismo (propón a descomposición da realidade en elementos), o dadaísmo (busca no caos o nacemento de novas realidades), o imaxinismo, creacionismo e ultraísmo (buscan reflectir a realidade a través de imaxes) e o surrealismo (trata de conciliar o mundo dos soños e da psicanálise co marxismo).

En Galicia o proceso de aproximación ás vangardas lidérano as Irmandades da Fala, e unha serie de revistas dan a coñecer a poesía vangardista. Os movementos vangardistas galegos máis típicos foron o hilozoísmo, o neotrobadorismo e o creacionismo.

O hilozoísmo cultiva unha poesía paisaxística, inspirada na de Noriega, e ten como máximo representante a Amado Carballo, que escribiu Maliaxe (prosa), Os probes de Deus (prosa), Proel (verso) e O Galo (verso).

O neotrobadorismo é unha poesía que recupera as formas medievais que combina con imaxes vangardistas. Representan esta tendencia Fermín Bouza Brey (Nao senlleira, 1933), Álvaro Cunqueiro (Cantiga nova que se chama Riveira, Dona do corpo delgado) e Xosé Mª. Álvarez Blázquez (Cancioneiro de Monfero, 1953) e outros.

O creacionismo, que procura reflectir a realidade a través de imaxes orixinais e atrevidas, ten como máximo representante a Manuel Antonio Pérez Sánchez, autor de De catro a catro, Con anacos do meu interior, Foulas, Sempre e máis despois e Viladomar.

3. A xeración Nós ten a súa orixe no Grupo Nós (Cenáculo Ourensán), que xorde en Ourense coa escisión das Irmandades da Fala (o Grupo Nós quedará constituído pola facción culturalista). Forman o grupo Risco, Otero e López Cuevillas. A eles unirase máis tarde Castelao, mesmo podemos incluír no grupo a Dieste.

Os homes desta xeración, de orixe social acomodada, acadaron unha sólida formación cultural e excelente preparación académica. Primeiramente viviron de costas á cultura galega e logo (cara a 1918) convértense ao galeguismo. Foi por isto que andaron metidos en política. Nun primeiro momento interesáronse pola cultura europea, os mundos exóticos e os temas esotéricos. As razóns do cambio atópanse no horror que lles produciu a guerra do 14 e o perigo que intuíron na Revolución Rusa do 17. Pero a súa evolución non foi só esa, tamén pasaron do individualismo ao traballo en común.

Como órgano de difusión das súas ideas e traballos, utilizaron a revista Nós, fundada por Risco en 1920 e que, despois de moitos atrancos e dificultades, desaparece en 1936.

Os escritores do grupo asumiron a tarefa de elaborar unha literatura galega de prestixio, seguindo os modelos da literatura mundial de principios do século XX.

Son os autores máis importantes e as obras máis significativas os seguintes:

Risco. Natural de Ourense licénciase en Maxisterio despois de iniciar Dereito. Na súa produción distinguimos tres etapas: a) De formación (revista La Centuria); b) Galeguista (incorpórase ás Irmandades e colabora en A Nosa Terra. Participa en

política e publica Teoría do Nacionalismo Galego); c) De superación do galeguismo (escribe en castelán). Entre as súas obras debemos salientar: Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (relato curto de 1919), O lobo da xente (lenda popular de 1925), A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (lenda popular de 1925), A coutada (novela de 1926), Os europeos en Abrantes (novela de 1927), O porco de pé (novela de 1928), O bufón de el-rei (drama de 1928). Tamén convén salientar os ensaios Nós, os inadaptados, Teoría do Nacionalismo Galego e Mitteleuropa.

Otero. Natural tamén de Ourense, nace no mesmo edificio que Risco e comparte con el infancia e xogos. Licenciouse en Dereito e doutorouse en Xeografía e Historia. Ao igual que Risco exerceu como profesor. Entre as súas obras imos destacar: os relatos curtos Pantelas, home libre (1925), O purgatorio de D. Ramiro (1926), e Escrito na néboa (1927); o drama A lagarada (1929), a novela Arredor de si (1930) e a triloxía narrativa Os camiños da vida (1928). Tamén escribiu ensaio e poesía.

Cuevillas. Natural de Ourense coma os anteriores escribiu o ensaio Dos nosos tempos.

Castelao. Natural de Rianxo, estudou medicina, pero apenas exerceu como médico. Preferiu a Administración e exerceu como artista e político. Cultivou moi variados xéneros destacando entre a súa obra: os álbums Galicia mártir, Atila en Galicia e Milicianos; a recompilación de ensaios Sempre en Galiza; o relato curto Un ollo de vidro (1922); a “cousa” Cousas (1926-1929); a colección de contos Retrincos (1934); a novela Os dous de sempre (1934) e a obra de teatro Os vellos non deben de namorarse (1941).

Dieste. Tamén natural de Rianxo, como Castelao, foi autodidacta, a diferenza dos demais compoñentes da xeración. As obras máis salientables de Dieste son: a colección de contos Dos arquivos do trasno (1926) e o drama A fiestra valdeira (1927).

A Guerra Civil dividiu o grupo porque cada un adoptou un camiño diferente.

II: Comentario de texto

Texto 1:

1. Le estas estrofas dun poema de Bouza Brey e comenta como se mesturan nelas temas propios do hilozoísmo e do neotrobadorismo. Comenta as formas non normativas.

Naquel biduído dos bidos louzanos
o páxaro Sol non pía seus raios,
e morre de amor.

Naquel biduído dos lanzales bidos
o páxaro Sol non criba seus píos
e morre de amor.

Nao senlleira

2. Analiza nestas estrofas recursos estilísticos propios dos Cancioneiros medievais: refrán, paralelismo, anáfora, etc.
3. Analiza nestas estrofas recursos propios do hilozoísmo: personificación, animación,

imaxes arriscadas, etc.
4. Cita revistas que espallasen os vangardismos en Galicia.

SOLUCIÓN:

1. Tema propio do hilozoísmo é a presentación dunha paisaxe rural de gran fermosura. Tema propio da poesía dos *Cancioneiros* é o do amor sen correspondencia.

2. Temos o emprego do paralelismo e o refrán. Cómpre salientar tamén a derivación bido-biduído, hipérboles coma a morte por amor e o emprego de palabras habituais nos *Cancioneiros*.

3. Como recurso propio do hilozoísmo os elementos da natureza, coma o sol, aparecen animados ou personificados: así, o sol *morre de amor*.

4. *A Nosa Terra* e *Nós* aínda que non son revistas estritamente poéticas acollen nas súas páxinas poesía vangardista ou críticas e informacións sobre estas escolas. Revistas poéticas son *Alfar, Ronsel, Cristal, Yunque, Resol*.

Texto 2:

1. Le o texto que segue e relaciónao coa novela á que pertence. Salienta a función que Otero Pedrayo lle asigna aos fidalgos e relaciónao co comportamento de Paio, o mozo fidalgo do texto.

Florecía a casa, as terras, as esperanzas. A parroquia de Trasouto lucía entre as compañeiras da bocarribeira pola limpa influencia do médico, [o fidalgo Paio Soutelo]. Xa estaban orgullosos del... Xa mediaba a noite, cando chamaron ó portón... O Estevo chegou a modiño á alcoba do médico para non esperta-las señoras. Era preciso ir ó afastado lugar de Medelo: o señor Vicente da Regueiriña estaba a morrer. Inda polo serán fora coas vacas ó monte. O Paio vestiuse e pasiño a paso foi bicar as frontes da nai e da tía Ramona. Cando en compaña do fillo do doente e do Estevo, que levaba o farol, cruzaba a penascada do Vedral, o médico levaba unha cántiga nos beizos. ¡TERRA A NOSA!

OTERO PEDRAYO: *Os camiños da vida. O estudiante*

2. Comenta a caracterización que fai Otero do protagonista do texto.
3. O texto é remate de *Os camiños da vida*. ¿Por que remata coa expresión?: *¡TERRA A NOSA!*
4. Pode ser Paio un trasunto autobiográfico dos propios membros da xeración Nós?
5. Relaciona a Paio co D. Celidonio de *O porco de pé*.

SOLUCIÓN:

1. Dividida en tres partes relata a decadencia da fidalguía. Porén, desa fidalguía emerxe *Paio*, médico, que dedicará a súa vida aos labregos da súa comarca, na función de modelo e reitores morais do pobo que Otero asignaba aos fidalgos.

2. É un personaxe *plano*, pois só presenta características positivas.

3. O sentimento da terra era fundamental para a Xeración Nós.

4. Evidentemente. Eles pretendían ser os descendentes dos vellos fidalgos, instruídos e formados, que se converterían en modelos e guías espirituais do pobo galego na tarefa de recuperar a galeguidade.

5. D. Celidonio é a antítese de Paio. Representa o burgués enriquecido e individualista, separado do pobo, que unicamente valora o progreso material e non comprende a galeguidade.